

## CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME GALICIA PARA A ACTUALIZACIÓN E REFORMA DO PROXECTO EXISTENTE DE XERACIÓN ELÉCTRICA AUTOSUFICIENTE MEDIANTE ENERXÍAS RENOVABLES.

### REUNIDOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Ramón Gómez Crespo, no nome e representación da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia declarada de interese galego e figurando inscrita no Rexistro Único de fundacións co número 1990/03, con domicilio en Santiago de Compostela, rúa do Cottolengo, 2, na súa condición de Presidente do Padroado como se acredita na escritura de elevación a público de acordos do Padroado que contén a revocación de poderes e novo poder a favor de D. Ramón González Crespo y Dna. Ofelia de la Concepción Debén Rodríguez do 10 de maio de 2023, outorgada ante notario D. Francisco López Moledo.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficiente para formalizar o presente convenio e,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao



establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

A redución de custos nos últimos anos nas tecnoloxías de xeración renovable , especialmente da fotovoltaica, situaron os custos de xeración de electricidade con estas fontes nun escenario de paridade coa xeración convencional, e van a posibilitar nos próximos anos un mercado incipiente de iniciativas de autoconsumo tanto a nivel residencial como industrial.

A iniciativa que se financia neste convenio encádrase neste tipo de instalacións como un proxecto demostrativo práctico que permita ver o comportamento e as vantaxes destas instalacións (xeración in situ evitando perdas eléctricas na rede, emisións evitadas, xestión do consumo adaptado a xeración, etc).

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

**Segundo.-** A Fundación Monte do Gozo ten como obxectivo básico prestar atención integral aos mozos marxinados ou en estado de necesidade e de maneira particular aos toxicómanos, proporcionándolle servizos de calidade e respectuosos co medio natural.

A eficiencia enerxética e a sostibilidade son valores que guían a forma de actuar da Fundación Monte do Gozo.

A Comunidade terapéutica da Fundación Monte do Gozo pretende ser un exemplo de xestión enerxética sostible, apostando pola eficiencia, o uso racional e a autosuficiencia a partir de fontes de enerxía limpa, inesgotable, renovable e a diversificación da produción a pequena escala, atendendo aos recursos naturais dispoñibles na contorna. Fixou como obxectivo satisfacer o 100 % das necesidades



de calor e electricidade a partir de fontes renovables e agora pretende seguir avanzando nese traballo de autoabastecemento enerxético iniciado xa pola Fundación en anos anteriores.

Para actualizar e reformar a instalación fotovoltaica existente, aumentar esa taxa de autoabastecemento eléctrico con enerxías renovables e darlle continuidade a ese obxectivo marcado pola Fundación desenvólvense, entre outras, as actuacións recollidas no presente convenio.

O proxecto conta de dúas fases. Na fase I, a instalación se converte a un sistema on grid. Na fase II se duplica a potencia do sistema illado trifásico actual.

**Terceiro.-** A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. Neste caso, as razóns ás que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha fundación sen ánimo de lucro que ten sen dúbida como finalidade unha actividade de interese social e humanitario. Neste mesmo senso, é importante indicar que a Fundación Monte do Gozo, promotora do programa educativo-terapéutico Proxecto Home Galicia propón promover o desenvolvemento e maduración do individuo para que acade ou recupere a súa plenitude e sexa protagonista da súa propia vida. Na actualidade a Fundación Monte do Gozo atende diariamente unha media de 550 mozos e mozas e xa son 3.000 as altas terapéuticas que finalizaron totalmente o seu proceso de rehabilitación e reinserción social e é o organismo máis representativo no seu labor de desenvolvemento de programas de rehabilitación e reinserción social na Comunidade Autónoma de Galicia polo que se entende acreditado ou xustificado a sinatura do presente convenio.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de cooperación ente o Inega e a Fundación Monte do Gozo- Proxecto Home Galicia para levar a cabo na Comunidade Terapéutica de Proxecto Home con enderezo en Lugar de Cernadas,



Portomouro, Val do Dubra una serie de actuacións para actualizar e reformar a instalación fotovoltaica existente, e aumentar a taxa de autoabastecemento eléctrico mediante enerxías renovables nun proxecto demostrativo de xeración eléctrica autosuficiente.

## Segunda.- Alcance do proxecto

1. En relación ca fase 1 da instalación executada a finais do 2015 e despois de dez anos en funcionamento, o banco de baterías de xel formado por 48 elementos de 2V marca SONNENSCHNEIN modelo 16OPZV2300 solar y tensión de saída de 48 V, xa finou a súa vida útil. Polo tanto, en lugar de substituílas por custosas baterías novas, se converte el sistema off grid a uno on grid, aproveitando o inversor fotovoltaico actual (SMA STP25000TL) e introducindo novo equipamento para a comunicación e monitorización dos consumos (SMA DATA MANAGER+ENERGY METER).

En relación ca fase 2, mantense a instalación off grid conservando as baterías de litio e duplicando os inversores SUNNY ISLAND (illada) para duplicar a potencia do sistema illado trifásico actual.

Nesta actualización e reforma das dúas fases se incluírán os seguintes novos elementos ademais do proxecto técnico e dirección de obra da instalación fotovoltaica de 25 kW con excedentes:

- SMA DATA MANAGER M - Equipo comunicación/control inversores SMA
- SMA ENERGY METER: Watímetro para monitorización dos consumos Inclúe proteccións trifásicas e transformadores de intensidade.
- WEIDMULLER PRO INSTA 16W 24V - Fonte alimentación Data Manager.
- CABLEADO FORZA - Recableado sala técnica entre baterías, inversores e caixa multicluster.
- CABLEADO COMUNICACIÓN - Recableado equipos de comunicación RS485, incluíndo conectores e pequeno material. Non inclúe tarxetas RS485 integradas nos inversores (se valorará aparte en caso de que algunha esté dañada).
- CADRO DE PROTECCIÓN - Protección trifásica para instalación conectada á rede.

2. Co obxectivo de enlazar a comunicación dos dispositivos situados no picadeiro cos novos elementos de monitorización e comunicación instalados como



consecuencia da actualización e reformas das fases 1 e 2, se procede a enlazar con cable de fibra o picadeiro e a caseta de baterías, mediante os seguintes elementos:

- 649 metros de cable fibra 4FO OM3 XTREMEFIRE de enlace entre o picadeiro e o equipo de medida, e entre o equipo de medida e a caseta de baterías.
- Conxunto de router 4G inalámbrico y 3 switches para a recollida de datos no picadeiro, equipo de medida e caseta de baterías, ademais de latiguillos e adaptadores para conexión de fibra.
- Montaxe do conxunto e conexión de equipos, mesmo terminacións de fibra en catro puntos.
- Apertura de gabia e instalación de canalización para pasar cable de fibra óptica.

3. No Anexo I do presente convenio figuran as actuacións a desenvolver dentro de este convenio de colaboración entre o Inega e a Fundación Monte do Gozo Proxecto Home Galicia.

### **Terceira.- Contía da axuda e gastos subvencionables**

Para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, o Inega achegará a cantidade de dezanove mil noventa e tres euros con sesenta e nove céntimos (19.093,69 €) IVE engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.781.0 (proxecto 201600010) do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### **Cuarta.- Xustificación**

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterà a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 € no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000€ no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos bens subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá presentar os certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a



condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

II. A contribución do Inega minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente do Inega, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. O Inega resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o día seguinte a sinatura do mesmo.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2025.

### **Quinta.- Pagamentos e anticipos a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia, deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Tendo en conta que o importe acumulado máximo das cantidades obxecto de anticipo e pagamento a conta nunca superará os 18.000 €, segundo o disposto no artigo 65.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia, quedan exonerados da constitución de garantía os pagamentos anticipados e a conta.

### **Sexta.- Obrigacións da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia**

1. De conformidade co establecido nos artigos 11 e 14 k) e j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da Fundación Monte do Gozo as seguintes:



- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a sinatura do presente convenio.
- b) Xustificar ao Inega o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da axuda. O Inega valorará o grao de cumprimento das actuacións e poderá de ser o caso modificar a contía de pagamento.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Inega, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao Inega a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do presente convenio, así como a modificación das circunstancias que tivesen fundamentado a súa sinatura. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Previo á formalización do convenio e, no seu caso, aos posteriores pagamentos, consultarase automaticamente que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, agás que se opoña á súa consulta.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no presente convenio.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



- j) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- k) Facer constar expresamente a colaboración prestada polo Instituto Enerxético de Galicia na información e publicidade das actuacións obxecto do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo acompañado do logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do Inega e da Xunta de Galicia colocando un cartel con información sobre o proxecto (de un tamaño mínimo A3) no que se mencionará a axuda financeira do Inega, nun lugar ben visible para o público .

2. A Fundación Monte do Gozo declara que non se atopa en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Sétima.- Modificación**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Oitava.- Reintegro da subvención**

Calquera incumprimento do establecido no presente convenio, das obrigas dos beneficiarios que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia, a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados neste Convenio, darán lugar á resolución convenio, coa obriga de reintegro parcial ou total das cantidades percibidas ata o momento tal e como establece o artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

### **Novena.- Subcontratación**

Permítese a subcontratación dos traballos recollidos no presente convenio nos termos do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **Décima.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

### **Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Para os efectos de seguimento do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo representante da Fundación Monte do Gozo Proxecto Home Galicia e polo director do Inega, respectivamente, que terá como misión velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.

### **Décimo segunda.- Información básica sobre proteccións de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía e Industria coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e



documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas,

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

### **Décimo terceira.- Relación contractual**

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio.



Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **Décimo cuarta.- Responsabilidade fronte a terceiros**

Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade de cada parte os danos que se deriven a terceiros polo incumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.

#### **Décimo quinta.- Publicidade**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, o Inega publicará o texto íntegro do convenio, para tales fins, as partes asinantes deste convenio consente expresamente o tratamento dos datos relevantes do mesmo, incluídos os datos de carácter persoal e o resto de especificacións contidas nel, así como a inclusión e publicidade dos ditos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Décimo sexta.- Extinción do convenio e causas de resolución**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Considéranse causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

### **Décimo sétima.- Natureza xurídica e resolución de conflitos**

O presente convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do



Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, polo Inega, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio, no lugar e data indicado ao comezo.

**Polo Inega**  
**Pablo Fernández Vila**  
Por Resolución do  
10/03/2017 de delegación  
de competencias da  
Presidencia da Axencia  
(DOG 27/03/2017)

**Pola Fundación Monte do Gozo-**  
**Proxecto Home Galicia,**  
  
**Ramón Gómez Crespo**



## ANEXO I. Actuacións a desenvolver

### ACTUACIÓNS A DESENVOLVER DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INEGA E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME GALICIA

CONCEPTO	ORZAMENTO 2025
1. SMA DATA MANAGER M - Equipo comunicación/control inversores SMA	1.732,40 €
2. SMA ENERGY METER: Watímetro para monitorización dos consumos Inclúe proteccións trifásicas e transformadores de intensidade.	1.172,00 €
3. WEIDMULLER PRO INSTA 16W 24V - Fonte alimentación Data Manager.	46,80 €
4. CABLEADO FORZA - Recableado sala técnica entre baterías, inversores e caixa multicluster.	2.000,00 €
5. CABLEADO COMUNICACIÓN - Recableado equipos de comunicación RS485, incluíndo conectores e pequeno material. Non inclúe tarxetas RS485 integradas nos inversores (se valorará aparte en caso de que algunha esté dañada).	1.000,00 €
6. CADRO DE PROTECCIÓN - Protección trifásica para instalación conectada á rede.	1.000,00 €
7. PROXECTO TÉCNICO E DIRECCIÓN DE OBRA DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE 25 KW CON EXCEDENTES. Inclúe tramitación do CIE e permisos de acceso e conexión á rede coa compañía distribuidora. É necesario dispoñer de OCA periódica en vigor ao tratarse dun local de pública concurrencia.	2.500,00 €
8. 649 metros de cable fibra 4FO OM3 XTREMEFIRE de enlace entre o picadeiro e o equipo de medida, e entre o equipo de medida e a caseta de baterías.	915,09 €
9. Conxunto de router 4G inalámbrico y 3 switches para a recollida de datos no picadeiro, equipo de medida e caseta de	1.483,62 €





baterías, ademais de latiguillos e adaptadores para conexión de fibra.	
10. Montaxe do conxunto e conexión de equipos, mesmo terminacións de fibra en catro puntos.	2.700,00 €
11. Apertura de gobia e instalación de canalización para pasar cable de fibra óptica.	1.230,00 €
TOTAL SIN IVE	<b>15.779,91 €</b>
IVE 21 %	<b>3.313,78 €</b>
TOTAL CON IVE	<b>19.093,69 €</b>

